

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que está aberto o prazo de solicitude das seguintes convocatorias de axudas publicadas recentemente do Diario Oficial de Galicia:

- Orde 29/01/2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable. O prazo para a presentación da solicitude unificada remata o 30/04/2009. Para as solicitudes de primas ao sacrificio estableceuse distintos prazos, o primeiro dos cales remata tamén o 30/04/2009.
- Orde 19/01/2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotacións sustentable (CES).

Comunicar igualmente que a Consellería de Traballo ten abertas varias liñas de axuda para a contratación por conta allea (contratación indefinida de parados de longa duración, para a contratación indefinida de mulleres desempregadas, para a contratación indefinida inicial de mozos e mozas desempregados...), para a promoción do emprego (subvención a aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo a persoas desempregadas, incentivos para promover a afiliación á seguridade social das persoas cotitulares de explotacións agrarias...).

Outeiro de Rei, 5 de febreiro de 2009

O alcalde,